



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso de xestión de servizos públicos locais

**GRUPO:** Cursos Local

**ÁREA:** Réxime xurídico e xestión das entidades locais

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	30
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	LOCAL	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2007
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Dar a coñecer en profundidade, as distintas formas de xestión de servizos públicos locais, facendo unha análise da problemática de cada unha delas, nos aspectos xurídicos, económicos e incluso técnicos, de xeito que, unha vez rematado o curso, os asistentes poidan realizar un asesoramento global aos xestores que teñan que tomar decisións nesta materia.

### DESTINATARIOS

Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, funcionarios de corporacións locais pertencentes ós grupos A, B ou asimilados, con responsabilidades na tramitación dos servizos públicos locais.

### PROGRAMA

Aproximación ao concepto de servizo público. A xestión directa e interna dos servizos públicos locais. A descentralización funcional dos servizos públicos locais. Os organismos autónomos. As entidades públicas empresariais. As sociedades mercantís. Outras formas de xestión de servizos públicos locais. As fundacións. Os consorcios. A xestión indirecta de servizos públicos locais. As sociedades mercantís de economía mixta para a xestión de servizos públicos. Outras formas de xestión indirecta de servizos públicos locais. Os concertos. As xestións interesadas. Os convenios interadministrativos. As tarifas dos servizos públicos locais: cuestións financeiras, orzamentarias e contables. Os estudos de custos dos servizos públicos. A planificación estratéxica con respecto aos servizos públicos locais. A dirección por obxectivos e os cadros de mando.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública de 30 de xaneiro de 2007 (Diario Oficial de Galicia nº 27, do 7 de febreiro) e, de ser o caso, os criterios específicos que se establezan para cada acción formativa sinalados no anexo.

### 3. DATOS EDICIÓN

#### LO07SP001SA

**LOCALIDADE:** SANTIAGO DE COMPOSTELA

**INICIO / FIN:** 23/05/2007 a 21/06/2007

**NUM. PRAZAS:** 35

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Santiago de Compostela, sede da EGAP, r/ Madrid, 2-4